




VISITAS GUIADAS



CASCO HISTÓRICO

PONTEDEUME

www.pontedeume.gal



Deputación
DA CORUÑA



Ponte deume



INDICE

- 7 **Torreón dos Andrade**
- 9 **Xardíns de Lombardero**
- 10 **Praza do Conde:**
 - Mercado Municipal de Pontedeume
 - Fonte del Pilón
 - Pazo dos Andrade
- 12 **Biblioteca Municipal:**
 - Cátedra de Latinidade
- 13 **Igrexa de Santiago**
- 15 **Antiga Muralla**
- 17 **Praza das Angustias**
- 17 **Praza de San Roque**
- 18 **Igrexa das Virtudes**
- 20 **Alameda de Rajoy**
- 20 **Convento dos Agostiños:**
 - Fonte de San Agustín
- 22 **Coliseo García Novoa**
- 23 **Rúa Real:**
 - Concello de Pontedeume
- 24 **Praza do Pan:**
 - Pazo do Arcebispo Rajoy
- 25 **Praza de España:**
 - Arco de Maldonado
- 26 **Ponte de pedra**
- 27 **Antigo Cárcere**
- 27 **Lonxas de Rajoy**
- 29 **Centro de Interpretación dos Andrade**

A historia da creación da vila de **Pontedeume** remóntase ao 30 de decembro de 1270, cando *Alfonso X, O Sabio*, funda unha Póboa cuxa freguesía coincidiría co espazo intramuros, unha carta na que se lle conceden unha serie de privilexios, e que os habitantes da vila loitaran porque se manteñan co paso dos séculos. A pesares de que se conservan restos arqueolóxicos de épocas anteriores, coma de época castrexa ou romana, non será até ese século XIII cando **Pontedeume** nace realmente como vila.

Neste periplo cronolóxico é de obriga facer referencia á familia *Andrade*, milites e prestameiros cuxa orixe se encadra no século XII, e que deixaron unha fonda impronta na historia da vila, que se rastrea até os nosos días.

A relación da vila cos *Andrade* comeza no 1371 cando *Fernán Pérez de Andrade* “O Boo” pasa a converterse no primeiro **Señor de Pontedeume**. A él atribúeselle a construción de sete igrexas, sete mosteiros, sete hospitais e sete pontes; o certo é que, parte desta lenda é verdadeira, e mandou construír a ponte de entrada na vila, o pazo no que vivían xunto co *Torreón*, o *Castelo*, ...e en todas elas, os seus símbolos, un oso e un xabaril que permaneceron até a actualidade, presentes no escudo de armas da vila. Para realizar todas estas estruturas, leváronse a cabo expropiacións forzosas de granxas, bens de varios mosteiros, etc. Coa morte de *Fernán* en 1397, foi sucedido polo seu sobriño, *Pedro Fernández de Andrade*, quen tivo un goberno bastante curto.

O seguinte *Andrade* en gobernar será *Nuno Freire de Andrade*, alcumado “O Mao”, por ser déspota e cruel cos seus súbditos obrigándoos a pagar altos tributos. Estes súbditos acabaron por revelarse contra del nas denominadas *Guerras Irmandiñas*, deixándoo sitiado coa súa familia no *Castelo de Andrade*. *Nuno*,

faleceu en 1431 e foi substituído polo seu fillo *Pedro Fernández de Andrade*.

A seguinte en gobernar foi unha muller, *María de Andrade* e ao morrer sen descendencia foi o seu tío *Fernán Pérez “O Mozo”* quen a relevou. Será él quen viva a segunda *Guerra Irmandiña*, encabezada por *Pedro Osorio* no centro de Galicia, *Alonso de Lanzós* nas terras de *Betanzos*, **Pontedeume** e obispado de *Mondoñedo* e *Diego de Lemos* entre o *Ulla* e o *Limia*. Esta revolta foi o froito de todo o resentimento que gardaba o pobo contra os *Andrade*, e en consecuencia foi de maiores dimensións ca primeira, chegando a derrubarse parte do *Castelo de Andrade*. *Alonso de Lanzós*, chegou a invadir e apoderarse de **Pontedeume**, facendo fuxir a *Fernán Pérez*, aínda que finalmente, os *Andrade* recuperan a vila.

Será *Fernando de Andrade e Pérez das Mariñas*, neto de *Fernán Pérez “O Mozo”*, o *Andrade* máis destacado en canto a feitos de armas se refire. Primeiro *Conde de Andrade*, será acompañado polo seu pai en varias guerras. *Fernando*, nos seus últimos anos de vida fará numerosas doazóns a institucións relixiosas, creando así o *Convento dos Agostiños* en **Pontedeume** ou a capela maior da *Igrexa de Santiago*, onde será enterrado á súa morte, posíbelmente entre 1540 e 1542.

Pontedeume, empezou a deslearse dos *Andrade* cando se produce a fusión da familia coa *Casa de Lemos* no século XVI, no casamento entre *Tareixa de Andrade* e *Fernando Ruíz de Castro*, dende ese momento deixarán de vivir na vila, perdendo os recursos que a familia lle proporcionaba.

Despois da familia *Andrade*, outro dos persoeiros importantes da historia eumesa é o arcebispo *Bartolomé Rajoy e Losada* (**Pontedeume**, 1690 – *Santiago de Compostela*, 1772). Estudou

gramática na *Cátedra da Latinidade* de **Pontedeume**, e logo cursou filosofía en *Santiago de Compostela*, para finalmente graduarse como avogado, profesión que exercerá durante un período da súa vida. En 1724 ordéase sacerdote e anos máis tarde chega a ser arcebispo en *Santiago de Compostela* até o seu falecemento, 21 anos despois.

Realizou gran cantidade de construcións e restauracións en *Santiago de Compostela*, pero foi sen dúbida na súa vila natal, onde se centrou principalmente a súa actividade de mecenas. Realizou a construción da *Igrexa Parroquial* da vila, obra que chegou a custar máis dun millón de reais. Tamén ampliou o *Convento dos Agostiños*, ao que lle daba diversas doazóns.

Fundou a escola de nenos e nenas e edificou as *Lonxas*, que levan o seu nome, encargándose así de que **Pontedeume** tivese institucións de ensinanza e un desenvolvemento comercial.

Outra das obras que levou a cabo foi a reconstrución da casa do seu pai, unha casa – pazo do século XVIII e que aínda hoxe se pode admirar no seu emprazamento orixinal, a *rúa Real* esquina coa *Praza do Pan*.

Polo tanto, pódese afirmar que a vila de **Pontedeume** é froito destas dúas figuras históricas, a familia *Andrade* e o *arcebispo Rajoy*, quenes co seu empeño lograron que **Pontedeume** sexa o que é, unha vila de gran riqueza histórica, artística e cultural.

A visita proposta comeza nun dos edificios máis senlleiros e representativos da vila, o *Torreón dos Andrade*; edificado na época de *Fernán Pérez, “O Boo”*, en 1371, xunto co *Pazo dos Andrade* formaba o conxunto da casa – pazo de devandita familia, situado onde hoxe en día se atopa o *Mercado Municipal*, recentemente restaurado e a *capela de San Miguel*, tamén desaparecida. O *Torreón* acocha no seu interior dende o 2001 o *Centro de Interpretación da familia Andrade*. Na súa fachada sur,



TORREÓN DOS ANDRADE

a considerada principal, consérvase o escudo do antigo *Pazo de Don Ginés Ruiz de Castro Andrade e Portugal*, nel aparecen as armas dos *Andrade* e os roeis dos *Castro*, xunto cos *Enríquez* e *Mendoza*, bordeando o campo do escudo, as 18 bandeiras flordelisadas que *Fernando de Andrade* lles gañou aos franceses na *Batalla de Seminara*; na parte superior como remate, a coroa condal e sobre dela un anxo sostén a filacteria co lema dos *Andrade* “*Nolite Nocere*” (non fagades dano).

O edificio ten planta cadrada e unha altura de 18 metros. En canto aos elementos arquitectónicos podemos destacar as ventás de estilo gótico do terceiro e cuarto piso; nunha delas atópase un óculo co “selo de Salomón” ou cruz de cinco puntas.

Conta con catro pisos, os cales tiveron a seguinte distribución:

- A planta baixa funcionou como almacén de víveres e materiais en época de paz, senon era empregada como calabozo. No século XIX foi cárcere.

- O primeiro andar estaba adicado ao corpo de garda e era onde se aloxaban os soldados.
- O segundo piso servía como espazo de cociña – comedor.
- Na terceira e última planta, situábase o cuarto do Señor, por ser considerada a máis segura.

Unha vez visitamos o *Torreón*, aproveitaremos para achegarnos até os *Xardíns de Lombardero*, antiga horta do *Pazo*, e que na actualidade acubilla algunhas das árbores máis curiosas da vila e incluso da provincia, un metrosidero, araucarias, palmeiras canarias ou magnolios de gran tamaño.

Nunha das súas entradas recíbennos unha gran palmeira, e na súa base, un escudo de armas da vila, doado polo *Círculo Filatélico Eumés* en 1976. Nel, pódese observar os símbolos principais de **Pontedeume**, a ponte de pedra que dá acceso á vila, unha torre en referencia ao *Torreón* ou ao *Castelo* e os símbolos totémicos dos *Andrade*, un

oso e mais un xabaril. Sobresae que no escudo actual aparece a maiores destas figuras, unha coroa real.

Deixamos atrás o xardín e dirixiremos os nosos pasos cara o *Mercado Municipal*, sito na *Praza do Conde* e ocupando o lugar da antiga *Casa – Pazo dos Andrade*, posteriormente pasará ás



ESCUDO DA VILA



PAZO DOS ANDRADE

mans da *casa de Alba* e por último no ano 1905 foi adquirido polo *Concello*, facéndose así coa propiedade.

O complexo formado polo *Pazo*, o *Torreón* e a *Capela de San Miguel* foi declarado **Monumento Histórico – Artístico** en 1924, mais como consecuencia do seu estado ruinoso, derrubouse nos anos 30 do século XX, motivo polo que hoxe en día só se conserva o *Torreón* ou *Torre da Homenaxe dos Andrade*.

O edificio do *Mercado* foi edificado, tras a desaparición do conxunto anteriormente citado, no 1944, deseñado polo arquitecto coruñés **Antonio Tenreiro**. Na actualidade, está considerado como **Edificio de Patrimonio Histórico**. Co devir da historia a construción sufríu un grave deterioro polo que dende o *Concello* comezáronse as obras de rehabilitación e ampliación no ano 2017 finalizando en marzo de 2019.

MERCADO MUNICIPAL



Non nos desapraxemos moito para facer a nosa seguinte parada xa que a *Fonte do Pilón*, está situada xusto enfrente do *Mercado*; construída en 1671 para recoller as augas que viñan de *Monte Breamo*, e como consecuencia da seca da única fonte que había por aquel entón na vila. A actual fonte foi realizada no 1788.



A *Biblioteca Municipal* será a nosa seguinte parada. Este edificio foi a casa de *Juan Beltrán de Anido*, rexedor da vila de **Pontedeume**, quen no seu testamento outorga o edificio para a creación da *Cátedra da Latínidade* en 1580, creándose para a ensinanza do latín. Funcionará até 1851.

No lintel da porta principal unha inscrición recórdanos que foi reconstruída no 1621, como consecuencia do incendio acaecido na vila no ano de 1607 e que afectou a máis de 300 vivendas, á igrexa e máis ao *Concello*, onde se queimou o *Arquivo Municipal*, perdéndose así unha grande cantidade de documentos.

O edificio alén destas circunstancias foi ampliado no 1707 e reedificado no 1882.



BIBLIOTECA MUNICIPAL

Deixamos atrás a *praciña da Catedral* e subimos pola *rúa da Pescadería*, até chegar á **Igrexa de Santiago**. Igrexa que ten a súa orixe na *Idade Media* foi mudando ao longo dos séculos en paralelo á historia da vila e os seus habitantes nobres e eclesiásticos: os *Andrade* e o *arcebispo Rajoy*.

Exteriormente é froito do mecenado do *arcebispo Rajoy* e do século XVIII (1763), en cambio no interior é unha amálgama de estilos que reflicten a súa longa historia. A *Capela Maior* de estilo gótico tardío, foi mandada construír por **Fernando de Andrade** para ser enterrado nela, mentras que o retablo é renacentista e os demais elementos sitúanse xa, dentro do neoclásico.

No exterior atopamos tres portas, encima da entrada principal podemos observar un escudo pertencente á familia *Andrade*. A fachada destaca pola súa decoración contando con elementos ornamentais, xeométricos e florais entre outros, contrastando así con un interior máis sobrio.

A igrexa é de planta de cruz latina con tres naves, das cales a central está cuberta por unha bóveda de canón que destaca pola súa



IGREXA DE SANTIAGO

TUMBA DE FERNANDO DE ANDRADE



complicada nervadura. No muro esquerdo do seu interior, preto do retablo, atópase a tumba de don *Fernando de Andrade*, rematando o sepulcro o escudo dos *Andrade* e os *Castro*.

O retablo da *Capela Maior* é de estilo renacentista aínda que probablemente sufríu modificacións tanto na súa

estrutura coma nas pinturas, debido aos incendios. Conta con oito pinturas, seis delas pertencentes ao século XVI e as dúas restantes encádranse dentro do século XVIII. No centro deste retablo, a figura de *Santiago* sedente, que foi atopada soterrada no presbiterio ao facer unhas obras en 1961.

RETABLO DA CAPELA MAIOR



Na subida ao adro da igrexa, accedendo dende a *rúa Real*, preside as escaleiras a figura de *San Nicolás de Tolentino*, copatrón de **Pontevedra** xunto coa *Virxe das Virtudes*.

Este santo agostiño morreu en 1305 e a él atribúeselle o milagre de por fin ao incendio que arrasou a vila no 1621, conta a lenda que os monxes que vivían no *Convento de Santo Agostiño* ao ver

que as lapas se estendían sen control, sacaron ao santo en procesión e guindaron ao lume unha xoia súa, detendo así o lume e finalmente, non foi tan grave coma o sufrido con anterioridade.

Ano tras ano, o día de **San Nicolás de Tolentino** celébrase o 10 de setembro.

Continuando coa visita, deterémonos agora nos arredores desta igrexa onde se conservan restos da **antiga muralla** que arrodaba e protexía **Pontedeume**, neste punto era onde se situaba unha das portas da muralla, denominada do Postigo.



SAN NICOLÁS DE TOLENTINO

Como consecuencia dos incendios sufridos pola vila en 1533 e en 1607 apenas se conserva documentación sobre os primeiros anos dende a fundación, o que sí se conserva é un plano no que se aprecian as 14 mazás, con 5 rúas en dirección norte - sur e 3 transversais de leste – oeste, **Pontedeume** conservou pese a todo a morfoloxía do seu casco histórico. Únicamente aumentou o número de mazás ou a lonxitude dalgunhas rúas e número de prazas. Intramuros, unha pequena igrexa – capela, e un espazo pesqueiro situado extramuros. As casas dispoñíanse tendo en conta o que naquel momento era coñecido como “Camiño que ven de Andrade”, actualmente, a *Rúa Real*. A muralla estendíase dende o *Torreón*, bordeando o antigo pazo, e ía polas actuais rúas do *Picho* e *Tafona*, baixaba xunto ao *convento de Santo Agostiño*. Os primeiros datos que se conservan da existencia dunha muralla son de 1284, onde se recolle que a vila contaba cunha cerca con portas de acceso, a cal

se convertería posteriormente nunha muralla medieval con diferentes torres e seis portas. A muralla foise deteriorando e en 1900 xa só existía unha das seis portas, a coñecida como a *porta da Ponte* ou *Arco de Maldonado*, ao comezo da *rúa Real*.



Deixando atrás a *Igrexa de Santiago* pola *rúa da Igrexa* chegamos á *Praza das Angustias*, presidida polo único cruceiro deste tramo do *Camiño Inglés*, e representa no reverso a imaxe de *Santiago* sedente e en maxestade debaixo da *Piedade*, representada pola *Virxe das Angustias*; mentras que no anverso está representado *Cristo* morto e crucificado, no lado esquerdo desta cruz aparece representada a figura de *San Xoán* e no lado dereito a figura de *San Pedro*. Tamén aparece gravado no fuste da columna o escudo de armas de **Pontevedra**.



CRUCEIRO NA PRAZA DAS ANGIUSTIAS

Despois desta pequena parada, retomaremos os nosos pasos cara a *Praza de San Roque*, a escasa distancia da anterior. Devandita praza toma o seu nome da capela que existiu alí dende

o século XIV até 1841. Esta ermida era probablemente unha construción sinxela e estaba situada de maneira estratéxica, xa que era común neste tipo de construcións edificalas xunto a unha das portas de entrada ou saída da vila, e neste caso estaba extramuros pero preto da entrada da que era coñecida como *Porta da Vila* ou

de *San Roque*, que daba saída a *Betanzos*.

PRAZA DE SAN ROQUE



Esta praza foi na súa época unha das máis icónicas, xa que era nela onde se celebraban as festas máis populares e importantes de **Pontevedra**; como a tradición de soltar un globo xigante de papel ao ceo, semellante á festa do veciño municipio de *Betanzos*.

Hoxe en día o mais sobresaínte deste espazo público son as vivendas que a pechan polo lado sur, respondendo ao modelo de vivenda de pescadores, denominada arquitectura mariñeira cuxo elemento máis destacado son as galerías e a balconada de madeira.

Dende *San Roque*, baixaremos até *Igrexa das Virtudes*. Mandada construír no século XIV (1378) por *Nuno Freire de Andrade*, baixo o nome de *Nosa Señora do Soto*. No presente, xa nada que



IGREXA DAS VIRTUDES

da da igrexa de *Nuno*, agás un lintel e un escudo da familia *Andrade*. No século XVII foi reedificada polo indiano *Andrés Copeiro y Parga*, veciño de *Breamo*. As obras levadas a cabo foron a ampliación da igrexa, a fachada actual e a sacristía entre outras. A espadana que remata a fachada é de 1817. Foi cemiterio municipal dende 1833 até 1888.


O edificio presenta planta de cruz latina e unha única nave. No seu interior sobresaie o ratablo da *Capela Maior* de estilo barroco con columnas salomónicas e relicarios realizados a finais do século XVIII por *Alonso González*, será pintado con posterioridade. Cada 8 de setembro celébranse os actos relixiosos na horna da *Virxe das Virtudes*, patroa da vila.

No adro da devandita igrexa, atópase outro dos cruzeiros do municipio.

Formando unha composición sinxela atopamos representada nel a imaxe de *Cristo Crucificado* coa aureola de santo xunto a unha cartela na que se le “INRI” e no reverso a imaxe da *Virxe* en actitude orante.

Deixamos atrás as *Virtudes* e encamiñámonos á *Alameda de Rajoy* contigua ao *Convento de Santo Agostiño*, o cal foi fundado fóra da muralla por *Fernando de Andrade* en 1538, funcionando baixo o nome de *Santa María de Gracia*. Fruto da

RETABLO



FACHADA PRINCIPAL CONVENTO DOS AGOSTIÑOS



desamortización foi pechado en 1835; posteriormente tivo diferentes usos entre 1842 e 1848, utilizouse como cuartel e escola, até que foi subastado e pasou a mans privadas. Finalmente, foi na década dos anos 80 do século XX cando é adquirido polo *Concello* para ser rehabilitado e convertilo na actual *Casa da Cultura*.



CLAUSTRO CONVENTO DOS AGOSTIÑOS

Da época da fundación consérvase un á do claustro renacentista e a fachada barroca, pertencente á segunda metade do século XVIII.

Dentro do recinto pechado do claustro, no seu xardín traseiro, atópanse tres figuras en pedra: *Alfonso X O Sabio*, un oso e un xabaril. O primeiro foi o fundador da vila e as outras dúas son os símbolos totémicos dos Andrade, antigamente dispostos na ponte de entrada a vila sobre o arco dous e tres. No referente á figura de *Alfonso X*, sabemos que na súa orixe estaba situada nun estanque da praza do *Convento*.



FIGURA DE ALFONSO X O SABIO CO XABARIL E O OSO

Nesta mesma praza onde está situado o convento, atópase a *fonte de Santo Agostiño*, que proporcionaba auga á vila e atopábase intramuros, sendo de feito, a única fonte que existiu na vila durante moitos anos, até que a causa do seu agotamento, edificouse a *fonte do Pilón* (século XVII) que recollía as augas do *Monte Breamo*, mencionada anteriormente.

Nesta praza tamén sobresaen nun dos seus lados, un edificio histórico, o denominado *Coliseo García Novoa*. Construído en 1928 e inaugurado ao ano seguinte, funcionou durante 50 anos como cine cunha capacidade de 270 butacas. Na década dos 80 deixa de ser cine e convértese en discoteca.



COLISEO GARCÍA NOVOA

Dende a praza do Convento, tomaremos a *Travesa Real* para chegar até a *praza Real*, unha das máis animadas da vila. Nela atópase o edificio do *Concello*, empregado con tales funcións dende 1371, cando a familia *Andrade* mediatizou o goberno da Vila, até a instauración dos concellos institucionais. Devandita familia deixou aquí tamén a súa pegada, reflectida no escudo de armas da fachada de *Fernando Ruíz de Castro*. Da etapa medieval consérvase a *Torre do Reloxio*. Sábese que o

edificio do *Concello* sufríu as consecuencias do incendio de 1607 e por iso foi reedificado dous anos despois.

Devandita praza era coñecida na orixe como a *praza do Rolo*, está presente na vila dende a súa fundación e ampliada no 1617.

Pola *rúa Real*, transcorre o *Camiño Inglés* cara *Santiago de Compostela* por onde cada ano pasan milleiros de peregrinos na busca da compostela, un documento que



CONCELLO



PRAZA DO PAN

acredita os teus pasos polo percorrido escollido. Nós faremos o percorrido ao revés e dende a praza na que nos atopamos, dirixirémonos até outra praza da vila, a denominada *praza do Pan*; este espazo adicouse a alfólí dende 1713 e convertido no 1840 en espazo público. Foi remodelada en 1984 e foi nese momento cando se incluíu a estatua en bronce dunha muller moldeando pan realizada polo escultor *José Díaz Fuentes*.


No ano 2008 tivo lugar unha excavación nesta praza, momento no que se atoparon os achédegos arqueolóxicos que nos confirman a existencia dun forno medieval.

Ademais hai que reparar noutro elemento arquitectónico de relevancia, o *Pazo do Arcebispo Rajoy* (século XVIII), antiga casa do seu pai, o boticario *Nicolás Rajoy*.

O pazo confórmasse por un baixo con soportais de arcos de medio punto, dous pisos con balcóns e un remate onde se atopa o escudo de armas do propio arcebispo. Desta estrutura consérvase a fachada barroca cunha mestura de elementos da escola compostelana e outros novos, de influencia francesa.

PAZO DO ARCEBISPO RAJOY





ARCO DE MALDONADO

Continúa o noso descenso da *rúa Real* até chegar á *praza de España*, neste punto era onde antigamente se atopaba a entrada á vila amurallada pola porta denominada “*da Ponte*” e no seu interior o *Arco de Maldonado*. O arco compartía apoio nunha parede das casas da *rúa Real*, que pertencía á familia *Maldonado*, de ahí o seu nome. Rematando

dita construción, a *capela da Concepción* (1665), cuxo fundador foi *Alonso Pita da Veiga*.

O arco mantívose erguido até 1905, cando se procedeu á súa demolición por representar un problema no acceso á ponte, un dos lugares máis salientables da vila, non só porque era o acceso á vila dende o outro lado senon porque aínda hoxe en día o segue a ser. O actual foi mandado edificar entre 1863 e 1870, remodelado posteriormente, aínda que a historia da ponte que nos ocupa remóntase a tempos de *Fernán Pérez de Andrade “o Boo”*, no século XIV.

A *ponte medieval* de *Fernán* contaba con 68 arcos, dúas torres, hospital de peregrinos e unha capela. Con 850 metros de lonxitude foi un dos máis longos de *España* da súa época. Será entre os séculos XVIII e XIX cando desaparezan as torres como consecuencia do deterioro que sufría a ponte, dando paso á construción da ponte actual.

PONTE DE PEDRA



O punto final do noso percorrido é o *Torreón dos Andrade*, e chegaremos até él pola *rúa da Inmaculada*, ao carón da *praza de España*. Antes de adicarlle as nosas últimas verbas, faremos referencia ao edificio do *Antigo Cárcere* (1856). Até ese momento foi o *Torreón* o que funcionaba como alxube ou calabozo, mais como consecuencia de varias fugas de presos considerouse a necesidade de construír un novo cárcere. Ao principio pensouse no *Convento dos Agostiños* pero finalmente foi o *Torreón* o escollido, funcionando até o século XIX. Ao carón do cárcere, as *Antigas Lonxas* ou os *Almacéns de Rajoy*, xa que foi unha obra patrocinada polo devandito arcebispo. Foron edificadas en 1763 para a salgadura do peixe e para gardar os apeiros de pesca.



ANTIGO CÁRCERE

Estas lonxas foron de vital importancia para a vila e as súas xentes, xa que co seu aluguer, pagábase aos profesores que ensinaban aos fillos e fillas dos mariñeiros a ler e escribir, noutro edificio tamén patrocinado polo arcebispo, motivo polo cal **Pontedeume** tivo un dos sistemas educativos máis avanzados de Galicia no século XVIII. Nun destes almacéns hoxe úbica-se o *Albergue de Peregrinos Municipal*.

ALMACÉNS DE RAJOY



O noso percorrido remata coa visita ao *Torreón* e ao seu interior que acolle o *Centro de Interpretación dos Andrade*, onde poderemos ampliar información sobre a historia da propia vila e da familia con máis influencia sobre dela.



CENTRO DE INTERPRETACIÓN DOS ANDRADE

BIBLIOGRAFÍA

Fuentes:

“Pontedeume, Cabanas y Comarca”, Carlos de Castro y Adela García, 2012.

upapontedeume.blogspot.com

patrimoniogalego.net

Artículos de Cátedra:

“Rajoy, constructor”, Ramón Otero Núñez, 2001.

“O arzebispo Raxoi e a Ilustración”, Xesús Andrés López Calvo, 2003.

“Nombres ilustres en las calles, plazas y jardines de Pontedeume”, Carlos de Castro Álvarez, 2004.

“Las murallas de Pontedeume”, José López Hermida y Carlos de Castro Álvarez, 2006.

“Os cruceiros coa imaxe do apóstolo Santiago no Concello de Pontedeume”, José M^a Fonte Sardiña, 2011.

“Un atentado contra el patrimonio: la desaparición del palacio-fortaleza de los Condes de Andrade en Pontedeume”, Manuel M. Bello Alonso, 2011.

750
1270 - 2020



Ponte deume